

O CONCELLO DE PORTO DO SON DESENVOLVE NO MES DE MAIO UNHA NOVA ACCIÓN FORMATIVA NO ÁMBITO DO COOPERATIVISMO.

Esta acción formativa, gratuíta e de 20 horas de duración, é puntuable para o baremo de marisqueo a pé (PERMEX).

O Concello de Porto do Son, como entidade adherida á Rede Eusumo, e a unión de cooperativas Espazocoop, poñen en marcha unha nova acción formativa no ámbito do cooperativismo que terá lugar os días 21, 22, 23 e 24 de maio en horario de 09.30h a 14.30h.

Baixo o título de “Formación cooperativa para persoas que queren emprender”, as persoas participantes traballarán os aspectos esenciais do emprendemento baixo a fórmula cooperativa:

- O cooperativismo como alternativa de emprego.
- Organización e financiamento de cooperativas.
- Experiencias cooperativas.
- Etc.

Esta acción formativa, está dirixida a persoas con inquiredanzas e interese no traballo cooperativo, emprendedores e público interesado en xeral. Ademais, esta actividade está incluída no catálogo de formación puntuable para obter os PERMEX de marisqueo a pé (0,40 puntos).

Máis información e inscricións no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar). Prazo de inscrición, do 6 ao 10 de maio de 2019. As prazas, limitadas, asignaranse por orde de inscrición.

Porto do Son, 3 de maio de 2019.